

III CAMPIONATO DE TIRAPEDRAS

Día: 19 de agosto

Hora: A partir das 12:00 h.

Lugar: Praza do Convento de Melide

REGULAMENTO

- Escuadra de cinco tiradores/as sobre dianas xiratorias e móbiles.
- Tiradas por participante: 5
- Distancia de tiro: 10 m.
- Clasifícanse dous tiradores/as por escuadra. En caso de empate aumentarase a distancia.
- O tirapedras será construído con galleto de madeira, con ligas lisas de caucho ou látex e badana de coiro.
- Establécense dúas categorías: De 8 a 14 anos e de 14 anos en diante.
- Haberá tiradas de adestramento desde as 11:30 h.

PREMIOS

- Trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría.
- Haberá agasallos para os participantes

INSCRICIÓNS

Ata o día 18 de agosto (a inscrición é de balde):

- En Casa Parrado, de Melide.
- No enderezo electrónico agxpt@telefonica.net
- Nos teléfonos 626838111 e 659224345

Os xogos populares son a manifestación máis xenuína da cultura dun país. Aínda que os xogos sexan comúns noutros países e nacións, o xeito de xogar e mais a capacidade do pobo de adaptalos á súa contorna así como á súa peculiar visión do mundo, é o que lles infire ese carácter diferencial e propio. Conservar os xogos populares e demais manifestacións culturais é o noso deber, e transmitilos ás xeracións vindeiras, a nosa obriga.

O patrimonio lúdico nacional non paga dereitos de sucesión. Deixemos este legado.

Colaboran:



III FESTA DOS XOGOS TRADICIONAIS DA TERRA DE MELIDE

Martes 18 de agosto

Mércores 19 de agosto



Organiza:



www.agxpt.org

agxpt@telefonica.net

Programa

III Xornada de Xogos Populares e Tradicionais

Martes, 18 de agosto de 12:00 a 14:30 h

1. Praza do Convento: Carrilanas, corda e carreira de tartarugas.
2. Praza das Coles: Chave e Zancos.
3. Pozo Pequeno: Tiro á lata e aros.
4. Rúa Abeledo: Pescar a botella.
5. Trapeira: Trompo.
6. Trapeira: Ra.
7. Praza Ichoas: Xogo das olas.
8. Praza da Herba: Mariola e tres en raia.
9. Rúa do Convento: Lanzamento de boina.

Mércores, 19 de agosto:

A partir das 12:00 h – III Campionato de Tirapedras da Galiza Central

Ao remate do Campionato haberá unha exhibición de trompos de diferentes tamaños (30 cm a 0,5 cm)

Lugar: Praza do Convento de Melide

